



Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



CARACTERÍSTICAS DO PARO REXISTRADO NO CONCELLO DE CAMARIÑAS. Ano 2011

Este estudo elabórase en base ós datos aparecidos na páxina web do Instituto Galego das Cualificacións, dependente da Xunta de Galicia, tendo en conta distintos indicadores do mercado laboral que fan referencia tanto ó paro rexistrado como ás contratacións realizadas na comarca.

O desemprego rexistrado no concello de Camariñas no ano 2011 foi do **0.68 % do desemprego rexistrado na provincia**, porcentaxe algo inferior ó acadado no ano 2010 que foi do 0.72 %. Isto amosa que o desemprego na provincia creceu algo máis aceleradamente que no concello no 2011.

Se comparamos o desemprego do concello co resto da comarca vemos que, en decembro de 2011, Vimianzo conta cun 37.78 % (38.33 % no 2010) dos inscritos na comarca, Camariñas cun 36.93 % (36.28 % no 2010) e Zas cun 25.29 % (25.39 % no 2010). Este ano cómpre destacar que aumentou o porcentaxe de desempregados no concello de Camariñas (0.65 %) mentres que descendeu nos de Vimianzo (-0.55 %) e Zas (-0.10 %).

O desemprego no concello segundo a idade e o sexo


O paro do concello ó longo do ano 2011 segue unha tendencia distinta segundo o sexo. No caso dos homes aumenta no segundo trimestre e diminúe no terceiro para aumentar de novo no derradeiro trimestre do ano. En canto ás mulleres, obsérvase unha diminución no número de desempregadas no segundo trimestre, aumentando no terceiro trimestre e diminuindo de novo no cuarto.



UNIÓN EUROPEA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

Concello de Camariñas



O desemprego afecta máis ás mulleres, acadando unha media porcentual do 54.66 % (52.62 % no 2010) fronte ó 45.34 % (47.38 % no 2010) de desemprego masculino, producíndose a máxima diferenza porcentual no terceiro trimestre do ano.

Cómpre destacar que o desemprego feminino creceu un 2.04 % en relación co desemprego masculino con respecto ós datos do ano anterior. Sen embargo, en números absolutos observamos un descenso no número de desempregadas xa que a media trimestral no 2011 foi de 358 mulleres, mentres que no 2010 situouse en 366 paradas. Os homes desempregados presentan unha media de 297, sensiblemente superior ós 288 de media trimestral do ano anterior.


Cadro nº1: **DESEMPREGADOS POR SEXO**

2011	Homes	Mulleres	TOTAL	PROVINCIA
Primeiro	306	353	659	97803
Segundo	312	351	663	92323
Terceiro	272	379	651	92540
Cuarto	299	349	648	101652

Cadro nº 2: **DESEMPREGO POR GRUPOS DE IDADE**

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	79	153	168	153	106	659
SEGUNDO	86	150	160	149	118	663
TERCEIRO	70	143	162	154	122	651
CUARTO	73	146	160	151	118	648

Se facemos tres grandes grupos de idade observamos que os maiores porcentaxes de desempregados se sitúan nos grupos de entre 25 – 44 anos cunha media do 47.41% e os maiores de 45 anos cun porcentaxe de 40.85 % de media do paro rexistrado. Por outra banda, os menores de vinte e cinco anos acadaron de media un 11.74 % do desemprego no concello.





Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA




Axencia de
Desenvolvemento
Local de
Camariñas

Cadro nº3: DESEMPREGO FEMININO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	34	77	101	84	57	353
SEGUNDO	33	75	99	80	64	351
TERCEIRO	34	74	108	94	69	379
CUARTO	29	72	101	86	61	349

Cadro nº 4: DESEMPREGO MASCULINO POR GRUPOS DE IDADE


	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	45	76	67	69	49	306
SEGUNDO	53	75	61	69	54	312
TERCEIRO	36	69	54	60	53	272
CUARTO	44	74	59	65	57	299



O **paro feminino** caracterízase por ser **superior ó paro masculino** en tódolos grupos de idade **agás** entre os **menores de 25 anos** no que os homes desempregados superan ás mulleres. A menor diferenza por idades obsérvase entre os

desempregados de 25 – 34 anos no que só existe de media unha persoa desempregada a maiores entre as mulleres con respecto dos homes. A franxa na que se sitúan a maioría das mulleres desempregadas sería no grupo de 35 - 44 anos.

Os maiores porcentaxes de **homes** desempregados sitúanse no grupo de 25 – 34 anos seguido do grupo de 45 - 54 anos. Os períodos de descenso do paro afectan especialmente ós grupos de menores de 25 anos (cun descenso significativo no trimestre correspondente ós meses de verán) e, o de 45 – 54 anos.





Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



Axencia de
Desenvolvemento
Local de
Camariñas

ADL



O nivel de instrución e desemprego

O nivel de instrución dos demandantes de emprego é moi baixo. Atopamos unha media dun 63.41% de persoas desempregadas que non teñen rematada a ensinanza obrigatoria. Un 24.08 % só teñen a ensinanza obrigatoria e soamente un 1.33 % de demandantes de emprego posúen titulación universitaria.

Cadro nº5: DESEMPREGO POR NIVEL DE INSTRUCIÓN

	PRIMEIRO		SEGUNDO		TERCEIRO		CUARTO	
	H	M	H	M	H	M	H	M
UNIVERSARIOS	3	8	2	6	1	4	3	8
BUP/BACHARELATO SUPERIOR/COU	10	6	9	3	5	5	4	9
FORMACIÓN PROFESIONAL	27	38	20	39	15	37	22	39
ENSINANZA OBRIGATORIA	62	95	68	97	64	94	59	92
ATA CERTIFICADO ESCOLARIDADE *	204	206	213	206	187	239	211	201
TOTAL	306	353	312	351	272	379	299	349

* Inclúe certificado de escolaridade, estudos primarios sen certificado e sen estudos.





Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE investe no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



Axencia de
Desenvolvemento
Local de
Camariñas





O desemprego por sectores económicos

Cadro nº6: DESEMPREGO POR SECTORES ECONÓMICOS

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL
SECTOR PRIMARIO	23	59	82	24	49	73	22	31	53	22	32	54
SECTOR SECUNDARIO	37	18	55	36	21	57	52	24	76	43	22	65
SECTOR CONSTRUCCIÓN	14	129	143	17	127	144	12	126	138	11	143	154
SECTOR SERVICIOS	217	70	287	215	80	295	239	69	308	224	80	304
SEN EMPREGO ANTERIOR	62	30	92	59	35	94	54	22	76	49	22	71
CON EMPREGO ANTERIOR	291	276	567	292	277	569	325	250	575	300	277	577
Total	353	306	659	351	312	663	379	272	651	349	299	648

Máis do 87 %, dos desempregados do concello de Camariñas son traballadores con experiencia profesional e, polo tanto, menos dun 13 % é demandante de primeiro emprego. Se analizamos os datos tendo en conta a variable sexo, observamos que o porcentaxe de mulleres desempregadas en busca de primeiro emprego é sensiblemente superior ó porcentaxe de homes nesta situación.



Os sectores con maior cantidade de persoas desempregadas son o sector servizos e a construción. Atendendo á evolución por trimestres observamos distintas tendencias segundo o sector que avaliemos, non existindo unha pauta fixa. Así, no segundo trimestre prodúcese un aumento de persoas desempregadas en tódolos sectores agás no primario. Se analizamos o terceiro trimestre do ano vemos unha diminución de desempregados nos sectores primario e construción e no número de desempregados no conxunto do trimestre. No cuarto trimestre aumentan de novo os desempregados en tódolos sectores agás no secundario con respecto ó trimestre anterior aínda que en canto ó número de desempregados total prodúcese unha diminución, pouco significativa, de tres desempregados.



Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR




SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA





Axencia de
Desenvolvemento
Local de
Camariñas

ADL



Se temos en conta a variable sexo, o comportamento do desemprego nos distintos sectores varía considerablemente. En canto ós homes, o maior número de desempregados atopámolo no sector da construción, seguido do sector servizos, a continuación situaríase o sector primario e, a bastante distancia o secundario.

Se avaliamos os datos da mulleres o maior número de desempregadas atopámolo no sector servizos, seguido a bastante distancia do sector secundario e primario. O número de mulleres desempregadas no sector da construción é moi baixo, isto débese ó feito de que as mulleres non soen demandar traballo neste sector.





Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA




Axencia de
Desenvolvemento
Local de
Camariñas

ADL

A contratación no concello por sectores económicos

Cadro nº 7: CONTRATACIÓN POR TRIMESTRE E SECTOR ECONÓMICO

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total
SECTOR PRIMARIO	8	73	81	8	109	117	21	101	122	7	47	54
SECTOR SECUNDARIO	12	8	20	5	3	8	7	2	9	7	10	17
SECTOR CONSTRUCCIÓN	0	22	22	0	23	23	0	17	17	0	9	9
SECTOR SERVICIOS	161	14	175	90	25	115	78	54	132	82	29	111
TOTAL	181	117	298	103	160	263	106	174	280	96	95	191



No gráfico da evolución da contratación por sectores económicos obsérvase que a contratación aumenta no segundo trimestre nos sectores primario e construción (neste sector o aumento é pouco significativo xa que só se produce un contrato a maiores

respecto do trimestre anterior), mentres que descenden de forma significativa o número de contratos nos sectores secundario e servizos. No terceiro trimestre (época de verán) aumenta a contratación en tódolos sectores respecto ó trimestre anterior agás na construción. No cuarto trimestre prodúcese un aumento nas contratacións do sector secundario mentres diminúen o número de contratos nos tres sectores restantes, descenso especialmente significativo no sector primario.

Na contratación que se efectúa no concello destaca o seu carácter maioritariamente masculino (52.91 %). Os sectores máis masculinizados son a construción e o sector primario. O maior porcentaxe de contratos no caso das mulleres con respecto ós homes dáse nos sectores secundario e, principalmente, no sector servizos.




UNIÓN EUROPEA



Concello de Camariñas

Se avaliamos a contratación por trimestres vemos que durante o 2011 os homes se incorporan ó mercado de traballo en maior número que as mulleres no segundo e terceiro trimestre do ano. A maior diferenza nas contratacións masculinas obsérvase no terceiro trimestre do ano. Cómpre salientar que no primeiro e último trimestre do ano observamos a tendencia contraria, maior número de contratacións femininas. Se ben os datos do cuarto trimestre non son significativos dado que a diferenza só é dunha contratación a favor das mulleres, no caso do primeiro trimestre os datos amosan 181 contratacións femininas fronte a 117 masculinas, é dicir temos un 21.48 % de contratacións femininas superior ás masculinas neste trimestre. Aínda que no cómputo total do ano o número de contratacións de homes é superior ó das mulleres os datos tan positivos do 1º trimestre de contratación feminina fan que a diferenza porcentual diminúa significativamente.

Evolución da contratación



No primeiro trimestre, tal como comentamos no parágrafo anterior, o máis significativo é o alto número de contratos entre as mulleres. Este dato tan positivo para a contratación feminina é posible grazas ós sectores secundario e, en moita maior medida ó sector servizos. Son sectores fortemente masculinizados o sector primario e a construción.



Concello de Camariñas




UNIÓN EUROPEA




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA




Neste segundo trimestre continúa a mesma tendencia que no trimestre anterior en canto ós distintos sectores aínda que no sector primario e no sector servizos aumenta o peso porcentual das contratacións masculinas con respecto ás mulleres.



Como se pode observar, neste terceiro trimestre, continúa a tendencia dos trimestres anteriores en canto ó comportamento dos distintos sectores, máis contratacións masculinas nos sectores primario e construción e maiores contratacións femininas nos sectores secundario e servizos. É neste trimestre do ano no que se observa unha maior diferenza entre o número de contratos masculinos e femininos a favor dos homes.



Concello de Camariñas



No cuarto trimestre observamos que a contratación feminina supera o número de contratos respecto dos homes pero a diferenza non é en absoluto significativa xa que só se rexistra un contrato a maiores nas mulleres. Neste trimestre destaca tamén o feito de que por primeira vez no ano no sector secundario o número de contratos dos homes supera ó das mulleres.

As ocupacións máis contratadas e demandadas.

Para esta análise collemos as 10 ocupacións nas que se realizan máis contratacións cada mes por sexo e agrupámolas por trimestres.



Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE investe no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



Axencia de
Desenvolvemento
Local de
Camariñas



Cadro nº 8: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NO CONCELLO. MULLERES

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	89	46		3
MATACHINS E TRABALLADORES DAS INDUSTRIAS CÁRNICAS	47			
CAMAREIROS ASALARIADOS	7	8	11	4
OPERADORES DE MÁQUINAS INDUSTRIAIS DE COSER E BORDAR	6	2	6	3
PESCADORES DE ALTURA	5	7	17	5
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS SEN TAREFAS DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	3			
PROFESIONAIS DO TRABALLO E A EDUCACIÓN SOCIAL	3			
CAPITANS E OFICIAIS DE PONTE	3			
TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAIS A DOMICILIO	2	2	10	5
RECOLLEDORES DE RESIDUOS	2			
VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS		12	3	4
VENDEDORES A DOMICILIO		3		
TÉCNICOS EN EDUCACIÓN INFANTIL		2	3	3
TRABALLADORES DAS INDUSTRIAS DO PEIXE		10	5	45
CAIXEIROS E VENDEDORES DE BILLETES (AGÁS BANCOS)		2		
OUTRO PERSOAL DE LIMPEZA			14	
COCIÑEIROS ASALARIADOS			4	
PERSOAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES			4	3
PESCADORES DE AUGAS COSTEIRAS E DOCES			3	
PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS				3

No caso das mulleres, entre as ocupacións máis contratadas (20) atopamos tres grupos:

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres ou en tres polo menos: peóns das industrias manufactureiras; camareiros asalariados; operarios de máquinas industriais de coser e bordar; pescadores de altura; traballadores dos coidados persoais a domicilio; vendedores en tendas e almacéns; técnicos en educación infantil; traballadores das industrias do peixe. Estas ocupacións constitúen o 40 % das ocupacións analizadas.
2. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: matachíns e traballadores das industrias cárnicas; empregados administrativos sen tarefas de atención ó público non clasificados baixo outras epígrafes; profesionais do traballo e a educación social; capitáns e oficiais de ponte; recolletores de residuos; vendedores a domicilio; caixeiros e vendedores de billetes (agás bancos); outro persoal de limpeza; cocinheiros asalariados; pescadores de augas costeiras e doces; peóns de obras públicas.



Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares.

Dos datos anteriores de ocupacións máis contratadas entre as mulleres chámamos poderosamente a atención dous epígrafes, matachíns e traballadores das industrias cárnicas e pescadores de altura. No primeiro caso, esta ocupación só aparece como de maior contratación no primeiro trimestre, feita unha análise das empresas radicadas no noso territorio e despois de consultar á oficina de emprego de referencia chegamos á conclusión que pode tratarse dun erro de codificación ou por mor da anterior codificación realizada a través do CNO que tiña un código que facía referencia a traballadores das industrias cárnicas e do peixe xa que, ó noso modo de ver estas contratacións farían referencia ás contratacións das empresas conserveiras, de polbo e de ourizos do concello.

Respecto da ocupación de pescadores de altura tamén consideramos que esta non é unha das ocupacións máis contratadas no concello no ámbito feminino (si no caso dos homes), as contratacións pesqueiras prodúcense máis ben na pesca de augas costeiras.



Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



Axencia de
Desenvolvemento
Local de
Camariñas

ADL

Cadro nº 9: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NO CONCELLO. HOMES

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
PESCADORES DE ALTURA	68	94	77	30
FONTANEIROS	9			2
ALBANEIS	8	8	10	4
CAPITANS E OFICIAIS DE PONTE	4			
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	3			3
ENCOFRADORES E OPERARIOS DE POSTA EN OBRA DE FORMIGÓN	3			
APLICADORES DE REVESTIMENTOS DE PASTA E MORTEIRO	2	3		
EXPENDEDORES DE GASOLINEIRAS	2			
RECOLLEDORES DE RESIDUOS	2			
PESCADORES DE AUGAS COSTEIRAS E AUGAS DOCES		9	16	9
PEÓNS DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS		7	3	
PEÓNS AGROPECUARIOS		4	3	4
COMPOSITORES, MÚSICOS E CANTANTES		4		
CONDUTORES ASALARIADOS DE AUTOMÓBILES, TAXIS E FURGONETAS		3		
MECÁNICOS E AXUSTADORES DE VEHÍCULOS DE MOTOR		2		
VIXILANTES DE SEGURIDADE E SIMILARES HABILITADOS PARA IR ARMADOS		2		
OUTRO PERSOAL DE LIMPEZA			20	
CAMAREIROS ASALARIADOS			6	3
ATLETAS E DEPORTISTAS			6	
CONDUTORES ASALARIADOS DE CAMIÓN			3	
MARIÑEIROS DE PONTE, MARIÑEIROS DE MÁQUINAS E AFÍNS			3	
PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS				9
TRABALLADORES DAS INDUSTRIAS DO PEIXE				4
ELECTRICISTAS DA CONSTRUCCION E AFINS				2
MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO				2
AUXILIARES DE VIXILANTES DE SEGURIDADE NON HABILITADOS PARA IR ARMADOS				2

En canto ós homes, nas ocupacións máis contratadas (26) atopamos 3 grupos pero só coinciden nove ocupacións coas máis contratadas entre as mulleres polo que apreciamos claramente a segregación horizontal das ocupacións e contratacións por sexo.

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres ou en tres polo menos: pescadores de altura; albaneis; pescadores de augas costeiras e augas doces; peóns agropecuarios. Estas ocupacións constitúen o 15 % das ocupacións analizadas.



Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



2. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: capitáns e oficiais de ponte; encofradores e operarios de posta en obra de formigón; expendedores de gasoleiras; recolletores de residuos; compositores, músicos e cantantes; condutores asalariados de automóbiles, taxis e furgonetas; mecánicos e axustadores de vehículos de motor; vixilantes de seguridade e similares habilitados para ir armados; outro persoal de limpeza; atletas e deportistas; condutores asalariados de camións; mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns; peóns de obras públicas; traballadores das industrias do peixe; electricistas da construción e afíns; monitores de actividades deportivas e de entretemento; auxiliares de vixilantes de seguridade non habilitados para ir armados.
3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: fontaneiros; peóns das industrias manufactureiras; aplicadores de revestimentos de pasta e morteiro; peóns da construción de edificios; camareiros asalariados.

Dos datos anteriores de ocupacións máis contratadas entre os homes, destacar que a epígrafe outro persoal de limpeza faría referencia ás contratacións dos meses de verán do concello para a limpeza de praias, cunetas, rúas... e traballos similares.

Á vista dos anteriores resultados podemos concluír que as ocupacións e sectores nos que se producen o maior número de contratacións adoitan ser bastante estables ó longo do ano. Neste 2011 algunhas das ocupacións máis contratadas producen cifras bastante baixas de contratos, dato explicable polo nivel de contratación xeral municipal nun ano marcado principalmente pola crise económica a nivel mundial.

Entre as 10 ocupacións nas que se produce un maior número de contratos en cada trimestre, que ó final do ano da lugar a 20 ocupacións no caso das mulleres e 26 no caso dos homes, só coinciden homes e mulleres en nove, o que reflicte a segregación horizontal por sexos xa apuntada. Estas ocupacións serían: pescadores de altura; peóns das industrias manufactureiras; camareiros asalariados; capitáns e oficiais de ponte; recolletores de residuos; traballadores das industrias do peixe; outro persoal de limpeza; pescadores de augas costeiras e augas doces; peóns de obras públicas.



Concello de Camariñas



UNIÓN EUROPEA

FONDO SOCIAL EUROPEO

"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



Axencia de
Desenvolvemento
Local de
Camariñas



Cadro nº 10: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. MULLERES.

	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
Persoal de limpeza ou limpador, en xeral	218	215	223	210
Mozos de recollida de lixos - vertedoiros	139	144	149	130
Peóns de obras públicas, en xeral	107	118	121	112
Peóns forestais	103	99	106	86
Dependentes de comercio, en xeral	80	76	80	75
Asistentes domiciliarios	55	49	59	50
Pinches de cociña	47	46	44	44
Xardineiros, en xeral	37	36	36	
Empregados de fogar	33			31
Repoñedores de hipermercado	32	32	36	33
Camareiros de pisos (hostalería)		34	36	32
Empregados administrativos, en xeral		32		
Limpadores – preparadores de peixes para conservas			51	
Caixeiros de comercio			32	

Cadro nº 11: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. HOMES.



	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
Peóns de obras públicas, en xeral	104	128	106	112
Peóns forestais	85	86	75	82
Albaneis	77	71	65	87
Mozos de recollida de lixos - vertedoiros	76	104	83	81
Peóns da construción de edificios	69	69	71	65
Mariñeiros de buque de pesca	61	50	29	31
Persoal de limpeza ou limpador, en xeral	40	50	44	39
Encofradores	33	35	31	37
Condutores de furgonetas, ata 3.5 T	27	32	30	31
Carpinteiros, en xeral	21			
Pintores e / ou empapeladores	21			
Traballadores de retén de incendios forestais		22	22	25
Mozos de carga e descarga, almacén e/ou mercado de abastos		20		
Condutores de camións, en xeral				24



UNIÓN EUROPEA



Concello de Camariñas





Concello de Camariñas



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR




SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



Axencia de
Desenvolvemento
Local de
Camariñas

Cadro nº 12: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS E DEMANDADAS NO CONCELLO

	CONTRATOS			DEMANDAS		
	MULLERES	HOMES	TOTAL	MULLERES	HOMES	TOTAL
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	138	6	144			
SERVIZOS A PERSOAS DEPENDENTES	27		27	53		53
OCUPAC. RELACIONADAS CO COMERCIO	24	2	26	119	5	124
OCUPAC. RELACIONADAS COA RESTAURACIÓN	34	9	43	45		45
OCUPAC. RELACIONADAS CO SECTOR TÉXTIL	17		17			
OCUPAC. RELACIONADAS COA LIMPEZA	21	20	41	232	43	275
OCUPACIÓNS AGROFORESTAIS		11	11	135	99	234
TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS		8	8		36	36
OCUPAC. DE TIPO ADMINISTRATIVO	3		3	8		8
OCUPACIÓNS AGROALIMENTARIAS	107	4	111	13		13
MANTEMENTO VÍAS, LIMPEZA PRAIAS E CONDUTORES DE MAQUINARIA DE TERRAS	5	11	16	255	198	453
OCIO E TEMPO DE LECER		12	12			
OCUPAC. RELACIONADAS COA PESCA	40	310	350		43	43
CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS		48	48		177	177
PROTECCION E SEGURIDADE		4	4			
OUTRAS OCUPAC. DA CONSTRUCCIÓN RELACIONADAS CO ACABADO DE EDIFICIOS		13	13		11	11
SERVIZOS PROFESIONAIS	3		3			





Concello de Camariñas



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



Para poder comparar mellor as ocupacións máis contratadas e demandadas agrupámolas por CNO (código nacional de ocupación) similares, dentro do mesmo sector cos seguintes criterios:

- Peóns das industrias manufactureiras: Non se agrupa con ningunha outra ocupación porque falta información sobre o sector concreto de ocupación e podería ser tanto do sector téxtil como do conserveiro, entre outros.
- Servizos a persoas dependentes: traballadores dos coidados persoais a domicilio; técnicos en educación infantil; asistentes domiciliarios.
- Ocupacións relacionadas co comercio: vendedores en tendas e almacéns; vendedores a domicilio; caixeiros e vendedores de billetes (agás bancos), expendedores de gasolineiras; dependentes de comercio, en xeral; repoñedores de hipermercado; caixeiros de comercio; mozos de carga e descarga, almacén e / ou mercado de abastos.
- Ocupacións relacionadas coa restauración: camareiros asalariados; cociñeiros asalariados; pinches de cociña.
- Ocupacións relacionadas co sector téxtil: operadores de máquinas industriais de coser e bordar.
- Ocupacións relacionadas coa limpeza: outro persoal de limpeza; persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares; persoal de limpeza ou limpador, en xeral; empregados de fogar; camareiros de pisos (hostalería).
- Ocupacións agroforestais: peóns agropecuarios; peóns forestais; xardineiros, en xeral; traballadores de retén de incendios forestais.
- Transporte e mantemento de vehículos: condutores asalariados de automóviles, taxis e furgonetas; mecánicos e axustadores de vehículos de motor; condutores asalariados de camións; condutores de furgonetas ata 3.5 T; condutores de camións, en xeral.
- Ocupacións de tipo administrativo: empregados administrativos sen tarefas de atención ó público non clasificados baixo outras epígrafes; empregados administrativos, en xeral.



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



Concello de Camariñas

- Ocupacións agroalimentarias: matachíns e traballadores das industrias cárnicas; traballadores das industrias do peixe; limpadores – preparadores de peixes para conservas.
- Mantemento de vías, limpeza de praias e condutores de maquinaria de terras: recolletores de residuos; peóns de obras públicas; mozos de recollida de lixos – vertedoiros.
- Ocio e tempo de lecer: compositores, músicos e cantantes; atletas e deportistas; monitores de actividades recreativas e de entretemento
- Ocupacións relacionadas coa pesca: pescadores de altura; capitáns e oficiais de ponte; pescadores de augas costeiras e doces; mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns: mariñeiros de buque de pesca.
- Construción de edificios: albaneis; encofradores e operarios de posta en obra de formigón; aplicadores de revestimentos de pasta e morteiro; peóns da construción de edificios; encofradores.
- Protección e seguridade: vixilantes de seguridade e similares habilitados para ir armados; auxiliares de vixilantes de seguridade non habilitados para ir armados.
- Outras ocupacións da construción relacionadas co acabado de edificios: fontaneiros; electricistas da construción e afíns; carpinteiros, en xeral; pintores e/ou empapeladores.

Co fin de realizar a comparación dos datos numéricos cómpre indicar que collemos os datos das 10 ocupacións máis demandadas e as 10 máis contratadas en cada trimestre no ámbito masculino e no ámbito feminino. O número de contratos que aparecen no cadro 8 está realizado a partir do sumatorio das táboas de contratación. En canto ás demandas calculamos a media trimestral que correspondería a cada ocupación e sumamos as ditas medias segundo os nosos grupos sectoriais.

Se realizamos a comparación entres as ocupacións máis contratadas e demandadas agrupadas por CNO segundo os criterios anteriormente sinalados, podemos concluí-lo seguinte:



Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



- 1.- Na gran maioría das ocupacións estudadas atopamos un número de demandas superior ó número de contratacións. Estaríamos, polo tanto, ante postos de traballo que se ocupan no mercado laboral aínda que na maioría dos casos a demanda está bastante descompensada xa que se producen moitas máis demandas que contratacións.
- 2.- Un segundo grupo serían as ocupacións contratadas que non aparecen entre as máis demandadas, isto sucede con 4 das estudadas: peóns das industrias manufactureiras; ocupacións relacionadas co sector téxtil; ocio e tempo de lecer; protección e seguridade. Isto indicaría que este tipo de contratacións non se están a facer a través do SPE.
- 3.- No caso das ocupacións relacionadas co sector agroalimentario; ocupacións relacionadas coa pesca; outras ocupacións da construción relacionadas co acabado de edificios aínda que aparecen entre as primeiras tanto en número de contratos como en demandas, a contratación supera a demanda polo que quedarían prazas vacantes.
- 4.- Este ano non temos ocupacións demandadas que non aparecen entre as máis contratadas o que podería apuntar a unha mellor adecuación entre oferta e demanda e á mellor orientación e intermediación laboral no territorio se esta tendencia se confirma en próximos anos.

Cómpre salientar que as ocupacións mozos de recollida de lixos – vertedoiros e peóns de obras públicas, en xeral son dúas das ocupacións máis demandadas en ambos sexos porque son códigos que os concellos utilizan para as súas ofertas de limpeza de praias, rúas e mantemento de vías e obras polo que as persoas demandantes desta ocupación solicitan este traballo aínda que despois non aparece reflectido nos contratos porque se especifican ocupacións como persoal de limpeza de praias, operario de servizos múltiples,...

Tanto as contratacións como as demandas se caracterizaban por reflectir a segregación horizontal por sexo en sectores e ocupacións, aínda que está a aumentar o número de demandas por parte das mulleres en ocupacións masculinizadas. Así destacamos as ocupacións de mantemento de vías e limpeza de praias e as ocupacións forestais. Cómpre salientar que esta tendencia da demanda feminina vén favorecida pola intervención da administración xa que eses códigos soen empregarse para as contratacións dos concellos de limpeza de praias, mellora en espazos e vías e contratacións por parte de SEAGA para a campaña de incendios.



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



Concello de Camariñas

Á vista dos resultados anteriores cómpre intervir e orientar cara a demanda naquelas ocupacións de postos que non se cobren. No caso dalgunha ocupación pode ser un problema de elección na codificación porque ó existir tantas ocupacións similares ás veces non se solicita traballo nun código pero si aparecen outros códigos similares.

Outro problema é a dificultade para codificar algunha ocupación, un exemplo claro son as contratacións que fan os concellos para a tempada de verán xa que en moitas ocasións contratan persoal como operarios de servizos múltiples ou para limpeza de praias, códigos que non existen no CNO co que cada concello á hora de realiza-la oferta de emprego no SPEG o fai por un código distinto. No caso exposto nos concellos da zona poden empregarse ata 4 códigos distintos (peóns das industrias manufactureiras; peón de obras públicas, en xeral; mozos de recollida de lixos – vertedoiros, peóns forestais).

De todo isto concluímos que o obxectivo da orientación segue a ser a mellor relación entre os recursos humanos e as necesidades do mercado laboral a través de mecanismos informativos e formativos que equilibren recursos e necesidades.